

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE PONTEAREAS***ANUNCIO de ampliación da oferta de emprego público de 2018.*

Con data do 11 de decembro de 2018 emítense o Decreto 2018-3355 en virtude do cal se aproba a oferta de emprego público (OEP) para o ano 2018, publicada no BOPPO nº 243, do 19 de decembro de 2018, e no DOG nº 17, do 24 de xaneiro de 2019, acolléndose ao dereito de ampliación da OEP ao abeiro da disposición adicional centésimo sesaxésimo quinta. Taxa adicional e reposición da Policía local, da Lei 2644/2018: «... no suposto de que, en aplicación do establecido no artigo 206.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, se produza o antípicio da idade de xubilación dos policías locais, as entidades locais poderán dispoñer durante 2018, exclusivamente para este colectivo, dunha taxa adicional de reposición determinada polo número de baixas que se prevexan neste exercicio e no exercicio 2019 como consecuencia do dito adianto da idade de xubilación».

En virtude do exposto, mediante o Decreto 2019-0307, do 31 de xaneiro de 2019, resólvese aprobar a ampliación da OEP para o ano 2018, rectificado posteriormente, con data do 4 de febreiro de 2019, mediante o Decreto 2019-0340, resultando conforme o seguinte:

Funcionarios de carreira:

Grupo/subgrupo	Clasificación	Denominación	Nº prazas	Quenda
C1	Escala Administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local	Policía local	2	Libre
C1		Oficial da Policía local	1	Promoción interna

Ponteareas, 4 de febreiro de 2019

Xosé Represas Giráldez
Alcalde

